

Dolores Cea Montenegro

A mestra Dolores Cea Montenegro -nacida en Vigo pero veciña desde moi nova de Pontevedra, onde o seu pai puxo un negocio de sombreirería- é un claro exemplo do incerto que era esa imaxe de “rojos queimaigrexas” que durante décadas quixo o franquismo vincular coa xente defensora da II República. Moi polo contrario, Dona Lola, como lle chamaba a veciñanza de Seixo onde daba escola, era unha muller católica, que facía colectas para a igrexa entre as súas amizades de clase alta, tal e como lembra a súa neta, Lola:

“Dona Lola era unha mestra culta, de ámbito católico, relacionada con xente de certa caste que, logo, probabelmente, axudou a que non a mataran. Xente como Marescot, o marqués de Riestra, ou o director do Banco de España. Ela, como católica militante, deu cartos para a igrexa. Dícialle a Marescot: “veña vostede levar o estandarte das misións” e, de paso, Marescot doaba cartos. Foi consecuente con esa crenza pero despois nunca máis volveu falar de relixión, aínda que a súa filla si entrou polo rego”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

En realidade, Lola non tivo descendencia pero criou a súa afillada Rosalía Martínez Martínez, orfa dunha amiga súa, como se fose filla súa. No seu coidado contou coa axuda da curmá da finada, a señora Manuela. E, aínda que Lola fose quen a levará á igrexa, quen a “bautizou” realmente foi a señora Manuela:



“Era moi bonita a relación que tiña Dona Lola coa señora Manuela, porque as dúas convivían para coidar a miña nai. Tiñan en Seixo dúas casas unidas por unha finca e ademais Lola sempre mantivo a súa casa de Pontevedra. A nai biolóxica da miña nai chamábase Ramona e era curmá da señora Manuela. Cando morreu, mamá era moi pequena. A señora Manuela era viúva e tivera dúas fillas pero en tres meses morréránlle as dúas de gripe, con 15 e 16 anos, así que se implicou moito no coidado da miña nai que, de feito, se chamaba María Julia pero que todo o mundo a coñecía en Seixo como Rosalía, que era o nome dunha das fillas da señora Manuela. Ela sempre lle chamaba así, en recordo da súa filla, e até na necrolóxica da miña nai apareceu Rosalía, porque para a xente de Seixo sempre foi Rosalía”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea Montenegro

A vida tranquila que levaban Lola, Manuela e a nena, a cabalo entre as propiedades de Seixo e a casa de Pontevedra onde Rosalía acudía ao instituto, viuse totalmente truncada polo golpe militar do 18 de xullo de 1936. A pesar da súa boa posición, Dona Lola simpatizou coa Fronte Popular, e de feito tiña moi boa relación co dirixente obreiro Juan Manuel Gómez Corbacho, asasinado nunha batida que os cívicos fixeron o 12 de decembro de 1936 no lugar da Torre, na parroquia de Salcedo. Sete días despois fusilaron a súa muller, Elvira Lodeiro, detida na mesma propiedade onde o seu home fora atopado.

“Lola sempre contaba con horror o que lles pasara a Manolo Corbacho e Elvira. O padre Luís contoulle, porque sabía que Elvira e Manolo eran amigos dela, que cando foi o de Elvira quedou espantado. A pobre Elvira tremía, tivérona que atar a unha árbore e a el, que asistía a todos os fusilamentos, aquilo pareceulle moi duro e dixo:

-“Pero, por favor, tengan caridad”.

-“Padre Luís, usted viene a lo que viene, sino pasa para ahí también”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Manolo Corbacho e Elvira deixaban dúas orfas de cinco e tres anos. A maior, Pilar, criouse en Arxentina, na casa de Delia, unha irmá de Elvira. Pero eran dúas bocas que manter e a pequena creceu lonxe da familia, na casa do socialista Mauro Caballero, que durante a guerra tamén estivo agochado nun tobo escavado na cociña da súa casa de Pontevedra. El e a súa muller, Petra Caballero, criaron na súa casa de Vigo a Manolita, a pequena das orfas, como unha filla máis, aínda que sempre lle mantiveron os apelidos de seus pais. Dona Lola nunca soubo que fora das pequenas, pero durante anos lembrouse delas:

“Na casa sempre foi unha teima buscar as fillas, e nada... até que este ano atopei a Manolita... Que pena que a miña nai non a coñecera porque tiña obsesión con iso”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Gómez Corbacho e Dona Lola eran compañeiros de traballo, pois el era chofer da liña de Cangas e Dona Lola, ademais de dar aulas en Seixo, levaba a administra-



ción desa liña axudada pola señora Manuela e unha rapaza que traballaba na súa casa. Ademais, segundo a memoria oral de Marín, no baixo onde se vendían os billetes había un despacho de bebidas, algo coincidente con algunhas das acusacións que se recollen no expediente de depuración que os fascistas lle fixeron á mestra.

A súa neta cre que foi perseguida non só pola súa simpatía coa Fronte Popular senón, sobre todo, polo conflito que mantivera co párroco:

“Tiña problemas co cura de Seixo. Houbo unha vez que a rapaza que traballaba na casa de Lola rifou coa irmá do cura e o cura quería que a despedira. Lola dixo que non, que eran cousas de rapazas, que fora algo sen importancia... non quixo entrar niso”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

O desencontro, que empezara por unha nimiedade, foise agravando e, xa en tempos da II República, Lola chegou a denunciar o sacerdote no xulgado:

“Era unha muller constante e denunciou o cura polo civil e o eclesiástico porque el a acusou de roubar unha imaxe. Lola chegou a ir ao arcebispado. A igrexa era unha capela pequena e Lola gardaba ao lado a imaxe da Inmaculada, que ela mesma pagara con axuda de Marescot e outra xente do seu contorno. Sacábana na procesión e despois gardábana na escola. Ela non consideraba que fose súa, só que a gardaban alí. Pero o cura dicía que era un sacrilexio e acusouna de roubar a imaxe. Entón ela colleu e denunciouno por injurias”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Despois do golpe, o sacerdote vingouse e mesmo lle quitou a comunión a Lola publicamente. Un golpe para ela, que era tan católica que mesmo mantivera o crucifixo na aula no tempo da II República, a pesar das prohibicións. Até que o alcalde de Marín, Antonio Blanco, amigo persoal seu e que acabaría sendo fusilado polos golpistas o 31 de decembro de 1936, pediulle que o sacara:

“Lola mantivo o crucifixo na escola e o alcalde díxolle:

- Dona Lola, ese crucifixo??
- Deixeiño...
- Non ve que me compromete?
- Ai non, pois logo quítooo agora mesmo!”

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

O caso é que entre a súa simpatía pola Fronte Popular e o enfrontamento co cura, os cívicos fórona buscar tras o golpe e, para evitalos, alternaba entre a casa de Seixo e a de Pontevedra:



“Cando foi do golpe, agochouse entre Seixo e Pontevedra. Como andaba así e non había teléfono, non se sabía que pasaba. Ao mellor a nena e Manuela estaban en Seixo e ela en Pontevedra, e os cívicos viñan...

Un día viñeron:

-Onde está Dona Lola?

-A miña nai non está...

E nese momento o vento moveu algo colgado na parede e puxéronlle á miña nai unha pistola na cabeza. Daquela tiña doce anos. Chegaron a pórllle a pistola na cabeza e iso nunca o esqueceu porque sabía perfectamente quen eran. Lembraba con horror que lle apuntaran e non fora a única vez. Lembraba a xente de Marín, xente da garda cívica...”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Non foi a única vez que foron buscar a Lola e a señora Manuela non sabía se estaba ben, se chegara ou non a Pontevedra... E así chegou o 18 de agosto, e con el os rumores á casa de Seixo: No Pozo da Revolta mataran unha muller e deixaran o seu cadáver tirado, espido e mutilado. A señora Manuela foi correndo, temendo que fose Lola. Pero non era. Era Carmen Pesqueira, “A Capirota”, unha lavandeira de Marín asasinada polos cívicos aquela madrugada.

Pouco despois, Lola foi detida en Pontevedra e, a pesar das cartas que ao seu favor escribiron Marescot, o marqués de Riestra, ou o director do Banco de España, estivo até outubro presa na Normal sen xuízo previo nin, por suposto, condena.

“Da estancia no cárcere pouco contou; só que un día estaba na xanela e pasou unha manifestación. Cando eran as manifestacións mandaban á xente pasar por diante do cárcere, brazo en alto, e de repente Lola viu pasar a súa irmá e o seu cuñado. Non desfilaban por ideoloxía, probabelmente non foran dun lado nin doutro, pero ao estar Lola alí, supoño que pensaron que tiñan que ir ás manifestacións para disimular... Mentres ela estivo presa, a miña nai quedou coa señora Manuela”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

A prisión non foi a única forma de represión contra Dolores Cea. Tamén lle quitaron a escola e impuxéronlle continuas multas que a obrigaron a vender algunhas das súas propiedades:

“Cando a Lola lle quitaron a escola, mantiveron a administración do coche de liña. Non eran propietarias, dispensaban os billetes. E tivo que vender terras para as multas, que se prolongaron durante moitos anos. Había en Seixo unha telefonista e chamaba:

-Que se poña Dona Lola...: saímos outra vez no periódico...



E veña, a pagar a multa... así durante moito tempo. Tivo que vender fincas e todo porque, de cando en vez, saía unha listaxe no periódico de non adeptos ao Movemento e tiña que ir pagar a multa”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Tras o golpe, Dona Lola estivo anos sen exercer como mestra pero, teimuda como era, nunca cesou no empeño de que a repuxeran e, aínda que tardou moito, logrouno e no franquismo chegou a dar clase en Peteiros, preto de Baiona, e tamén en Meis.

“Ela sempre teimou en que a repuxeran. Sempre insistiu para recuperar a súa escola. Veña a mandar cartas, que se era católica... Debían estar aburridos dela”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Cando Dona Lola empezou a ser perseguida pediulle a sinatura de apoio a José Alcántara, o entón alcalde de Marín, con quen mantiña unha relación cordial, sen sospeitar que o informe que ía emitir para o seu expediente de depuración ía ser demoledor. Entre as denuncias, Alcántara destacaba a amizade de Dona Lola con *“los elementos más destacados y extremistas del Frente Popular, tales como los comunistas Juan Manuel Gómez Corbacho, que en la revolución de octubre de 1934 fue condenado a 20 años de prisión y ultimamente condenado a muerte¹ y ejecutado, José Meis Martínez, también maestro, Albino Agraso Santamaría, el Alcalde que fué de este pueblo Antonio Blanco Solla, socialista, también condenados a muerte y ejecutados”,* así como *“las frecuentes visitas y reuniones de estos elementos en su domicilio”* e incluso *“la protección que prestó a la esposa e hija del Juan Manuel teniéndolas alojadas en su casa durante algún tiempo cuando aquel estaba cumpliendo la condena en un penal”*. Pero é que, ademais, vertía duras e inxustas críticas contra o seu labor de mestra, do que afirmaba: *“Su labor era apática y remisa, faltando con frecuencia a la escuela y abandonando las clases para atender personalmente un establecimiento de bebidas que tenía instalado en el bajo de su casa del mismo lugar de Seijo”*.

Tamén desacreditaba a súa ideoloxía e mesmo as súas crenzas relixiosas: *“Su actuación política, siempre activa, se caracterizó en todo momento por una falta absoluta de ideales nobles(...) si bien es cierto que se hacía pasar por católica y asistía con alguna frecuencia a los cultos de esta religión, su conducta, en todos los aspectos, era una constante contradicción con los principios que la informan”*. Pero o peor, sen dúbida, foron os duros ataques persoais que lle dedicou: *“Su conducta social fué también bastante pernicioso por la discordia que sembró en*

¹ Cita textual do informe da alcaldía no expediente de Dona Lola. A realidade é que Corbacho non chegou a ser xulgado. Foi asasinado o 12 de decembro de 1936 nunha batida na que cívicos e gardas civís lle prenderon lume ao alboio onde se agochaba, no lugar da Torre, na parroquia de Salcedo.



algunos lugares y los trastornos de índole moral y económica que causó, con sus oficiosidades y torpezas, a más de una familia”.

Na casa de Lola nunca sospeitaron de tal comportamento:

“Alcántara sempre saudaba a Lola despois de escribir informes terríbeis sobre ela no seu expediente de depuración. A miña nai nunca o soubo. Atopei eu os papeis despois”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

O expediente da mestra tiña, en xeral, un cariz moi sexista, con afirmacións como *“Representa lo más repugnante de una mujer, pues en una taberna que llegó a tener en El Seijo daba espectáculos de vergüenza y de inmoralidad”*, vertidas polo entón comisario Manuel Hermida. Unhas afirmacións que molestan especialmente á súa neta:

“Ela que era tan seria e nin cantaba. Era unha muller seria, controlada, fría...”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Non era Lola, desde logo, unha muller que encaixase no perfil da Sección Femenina.

“Sempre me dicía que estudara para ser independente. Ela tiña un oficio e con iso ía á fin do mundo, pero quitáronlle esa liberdade”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

A súa neta cre que foron as amizades con xente de dereitas as que a salvaron da morte e narra unha anécdota que a súa avoa sempre contaba sobre Matilde Caamaño, viúva do doutor Amancio Caamaño:

“Dicíalle a muller de Amancio Caamaño:

- Lola, que fixo Amancio para que o fusilaran? Ti estabas moito máis implicada...

-Shhh, cala! dicíalle a miña avoa. Elas dúas levábanse moi ben e tamén coñecía a Josefina Arruti... A Lola non a mataron de milagre”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Amancio Caamaño foi fusilado o 12 de novembro de 1936 e como dicía a súa muller tiña un perfil moi moderado pois mesmo se apartara de Izquierda Republicana tras a súa integración na Fronte Popular. Pero a súa amizade persoal co gobernador civil Gonzalo Acosta Pan e, sobre todo, a das dúas esposas, levouno a pasar polo seu despacho nos momentos posteriores ao golpe militar e foi fusi-



lado con outros nove dirixentes republicanos relacionados coa defensa da institución aqueles tres días de xullo.

Ese silencio que Lola lle pregaba a Matilde Caamaño foi o que imperou na súa casa durante a ditadura. Apenas se falaba do sucedido pero iso non implicou que a mestra abandonase a militancia nos seus ideais democráticos e, tras saír de prisión, seguiu celebrando reunións clandestinas e, sobre todo, seguiu amosando a solidariedade que xa demostrara na II República, por exemplo, con Elvira Lodeiro.

“Cando eu era nena, ela escribíalle cartas á xente que tiña fillos en América e non sabía escribir. E tamén llas lía. Hai moita xente que che dicía: ‘Canto pan nos deu Dona Lola’... E tiñamos moreas de piñas porque, para que a xente non sentise que lle daba esmola, axudáballes mercándolles piñas”.

Lola, neta de Dolores Cea

Lola non falaba do que pasara pero a súa neta cre que máis polo seu carácter reservado que por medo e, de feito, seguiu organizando reunións clandestinas:

“O sobriño de Lola, Agustín, era policía en Pontevedra e, xa andando o franquismo, como ela seguía metida en reunións, dicíalle a miña nai: ‘Dille a Lola se pensa que son parvos, que saben ao que anda...’ porque ela seguía coas reunións clandestinas. Tiña unha vida moi activa, Lola. A miña nai pasaba uns apuros terribes porque era a súa mensaxeira. Cando eran as reunións sempre a tiña ela de recadeira: “Dille a tal, dille que cal...” e o policía vía iso e avisábaa”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

A esas reunións adoitaba asistir un amigo de Lola que traballaba na Comandancia de Vilagarcía e que tamén foi depurado:

“Creo que se chamaba Albino. Eran moi amigos, reuníanse en Pontevedra con outros. El sabía francés, era de familia podente e, cando o quitaron do seu posto, daba clases de francés nunha academia pero un día o dono díxolle:

-Acábanme de dicir que se te teño a ti de mestre, péchanme a academia...

E Albino fóra.

Ao final marchou para Madrid e cando morreu trouxeron as súas cinzas para Pontevedra. Para que puidese seguir adiante, Lola vendeulle as vaixelas porque como ela estaba ben relacionada...”.

Lola, neta de Dolores Cea

A situación vivida pola súa nai fixo que Rosalía “se radicalizase no político”, segundo explica o seu xenro. E a súa filla engade que ela si falaba do que pasara “e dunha forma moi pasional, pero nunca diante de Lola”.



Rosalía acabou casando co fillo do señor Proenza, tamén represaliado no franquismo:

“O meu avó paterno era carpinteiro e labrego. Traballaba como ebanista e tiña operarios. Non era adepto ao franquismo para nada e tras o golpe participou en reunións de Lavadores e agochou un coñecido. Logo, uns non lle daban traballo por ser de esquerdas, outros por medo... O meu pai tiña que ir desde Marín ao instituto andando e sempre estudou con becas. Fixo Maxisterio pero non puido rematar porque, debido aos antecedentes do pai, non lle deron o certificado de boa conduta. Logo foi inspector de buques e profesor de náutica. A maiores, dáballo aos mariñeiros pasantías, porque tiñan moitas horas de mar pero algúns non eran capaces de sacar a titulación”.

Lola Rodríguez, neta de Dolores Cea

Dona Lola nunca se someteu aos ditados do réxime e xa en democracia apoiaba o Partido Socialista. Nunca viu cumprido o seu desexo de coñecer as fillas de Manolo Corbacho e Elvira Lodeiro pero a súa neta si. En 2016 localizou en Vigo á pequena, Manolita, e desde entón mantéñense en contacto: “*Foi como se nos coñeceramos de toda a vida*”. Pilar xa finou en Arxentina, sen coñecer a familia daquela muller que lle dera acubillo á súa nai cando o seu pai estivera preso. E peor aínda: sen volver ver a súa irmá, desde que o golpe de Estado as separara en 1936.